USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FACULTADE DE FILOLOXÍA

facultade de filoloxía

# Boletín 30

## 21 de abril – 24 de abril

# Actividades Culturais

**Título da información** Semana da Facultade de Filoloxía

**Destinatarias** Toda a comunidade universitaria

**Axente que informa e organiza** Decanato

**Datas** 21 - 24 de abril de 2025

**Enderezo electrónico de contacto** [filoloxia.decanato@usc.gal](mailto:filoloxia.decanato@usc.gal)

**Descrición da información/actividade**

- **21 e 22:** *Scripta manent*: escritoras de filoloxía
- **23:** Presentación de proxectos colaborativos
- **23**: Lectura interpretativa do Acto IV de *Richard III* de William Shakespeare
- **24:** Mesa redonda e inauguración da mostra *Isidorus relectus,* o poder da palabra
- **24**: *Dies librorum*



# Actividades Culturais

**Título da información/actividade** *Scripta manent*: escritoras de filoloxía

**Destinatarias** Toda a comunidade universitaria da Facultade

**Axente que organiza** Decanato

**Datas** 21 - 22 de abril de 2025

**Lugar**: Auditorio da facultade

**Horario**: 21 de abril: 9:30-12:30 e 16:00-18:30

22 de abril: 9:30-12:30

**Enderezo electrónico de contacto** cristina.mouron@usc.es

**Descrición da información/actividade** Profesorado e estudantado actual da Facultade con produción literaria participarán en tres mesas redondas, nas que presentarán a súa obra e debaterán sobre a influencia dos seus estudos filolóxicos na mesma, así como sobre a pertinencia de incluír a creatividade literaria en diversas materias dos graos.

A continuación, terá lugar un recital no que as persoas participantes nas mesas redondas darán lectura a extractos das súas obras, acompañadas por estudantado egresado da Facultade cunha traxectoria literaria relevante.



# Actividades Culturais

**Título da actividade** Presentación dos proxectos colaborativos da facultade (2024-2025), e dos libros *De pedra a azulexo* e *Converxencias*

**Destinatarias** Toda a comunidade universitaria da Facultade

**Axente que organiza** Decanato

**Datas** 23 de abril de 2025

**Lugar** Entrada da facultade

**Horario** 13:00 h.

**Enderezo electrónico de contacto** filoloxia.decanato@usc.gal

**Descrición da actividade** Presentación dos proxectos colaborativos que se desenvolveron durante o ano académico 2024-2025 na Facultade de Filoloxía co apoio do Decanato: CineFilo, Club de Lectura, Seminario Urraca para a difusión dos Estudos Medievais, De Compostela a Hong-Kong: cruce de miradas sobre a paisaxe lingüística, Revista EnFoco e Nicht nur Magazin.

Presentación do libro *De pedra a azulexo. Obras premiadas no X Concurso Literario Mazarelos 2024*.
Presentación do libro *Filoloxía, onte, hoxe e mañá: lingua, literatura, cultura. Formulacións teóricas, analíticas e/ou aplicadas. Converxencias 2024*



# Actividades Culturais

**Título da información/actividade** Lectura interpretativa do Acto IV de *Richard III* de William Shakespeare
**Destinatarias** Toda a comunidade universitaria da Facultade
**Axente que informa/organiza** Grupo de investigación da USC Discurso e Identidade (GI-1924) e a Profa. Cristina Mourón Figueroa
**Data** 23 de abril de 2025
**Lugar** Salón de Actos
**Horario** 17.00 h.
**Enderezo electrónico de contacto** cristina.mouron@usc.es
**Descrición da información/actividade**
Posta en escena mediante unha lectura interpretativa do Acto IV da obra de William Shakespeare *Richard III* que se imparte na materia Literatura inglesa 2 (séculos XVI-XVII). Os diversos personaxes están a cargos de estudantado voluntario da materia coa colaboración de tres PDI do Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá, dous delas responsables da materia. Aínda que se lerá, realizarase unha representación performativa con attrezzo, vestiario, teleprompter, música, etc. Deste xeito, preténdese celebrar o 10 aniversario do reenterro deste monarca e o 540 do seu falecemento na batalla de Bosworth.



# Actividades Culturais

**Título da información/actividade** *Isidorus relectus*, o poder da palabra.
**Destinatarias** Toda a comunidade universitaria
**Axente que organiza** Decanato. Biblioteca da facultade de Filoloxía
**Datas, lugar e horario**

- **Mostra bibliográfica** 24 de abril – 24 de maio. 1º andar
- **Mesa redonda e inauguración da mostra** 24 de abril. 12:00 h. Auditorio da facultade

**Enderezo electrónico de contacto** helena.decarlos@usc.es
**Descrición da información/actividade**

Homenaxe ao noso patrón, San Isidoro de Sevilla.
Con estes actos queremos honrar a figura de Isidoro de Sevilla, dando a coñecer tanto a súa obra como o seu perfil intelectual. Mediante a mostra pretendemos divulgar o patrimonio da nosa Biblioteca Universitaria, exhibindo edicións antigas e modernas, así como traducións a diversas linguas da prolífica produción isidoriana.
No acto de apertura terá lugar unha mesa redonda en que participarán Xosé Carracedo Fraga, Joel Varela Rodríguez e Helena de Carlos Villamarín, que actuará como moderadora. Coa organización desta actividade, o noso obxectivo é dar a coñecer ao estudantado, especialmente no ámbito dos estudos de grao, esta figura complexa e fundamental, ponte entre o mundo antigo e a Idade Media.
As múltiples capas que envolven o personaxe —desde o bispo de Sevilla, estudoso herdeiro da rica tradición do pensamento etimolóxico, ata o santo recuperado en diversas ocasións ao longo da historia peninsular— serán analizadas por tres especialistas nas letras da Tarda Antigüidade.



# Actividades Culturais

**Título da actividade** *Dies librorum*

**Destinatarias** Toda a comunidade universitaria

**Axente que organiza** Pedro Torres e Jana Barreiro (estudantes de Filoloxia Clasica)

**Data** 24 de abril

**Lugar** Entrada da facultade de filoloxía

**Horario** 10:00 – 14:00. Nos cambios de clase

**Enderezo electrónico de contacto** jana.barreiro@rai.usc.es; pedromiguel.torres@rai.usc.gal

**Descrición da actividade**

Recitais nas diferentes linguas impartidas na facultade en cada cambio de clase.

Micro aberto durante toda a mañá.

Achégate a ler algo!



# Actividades Culturais

**TÍTULO DA INFORMACIÓN/ACTIVIDADE** CineFilo, *outono-inverno* 2024

**AXENTE QUE INFORMA/ORGANIZA** Decanato (proxectos colaborativos), Área de Filoloxía Catalá

**DATA** 22 de abril de 2025

**LUGAR** Facultade de Filoloxía. Auditorio

**HORARIO** 17.00 – 20.00 h

**ENDEREZO DE CONTACTO:** proxecto.cinefilo@usc.gal; katharina.heiber@usc.es

**LIGAZÓN Á PÁXINA WEB OU REDE SOCIAL** @CineFilo.USC

**DESCRICIÓN DA INFORMACIÓN/ACTIVIDADE**

O próximo día 22 de abril, CineFilo acollerá a película *The zone of interest.*



# Actividades Culturais

**TÍTULO**: Nicht Nur Magazin, número piloto (0)

**ORGANIZACIÓN**: Decanato (proxectos colaborativos), Área de Filoloxía Alemá

**CONTACTO**: sofia.delatorre@rai.usc.es; roque.fernandez.alcaniz@rai.usc.es

**REDE SOCIAL**: @nichtnurmagazin (Instagram)

**DATAS**: estrea e dispoñibilización a partir do 17 de marzo

**LUGAR**: en liña

**DESCRICIÓN**: O próximo 17 de marzo será publicado en internet o número piloto da revista *Nicht Nur Magazin*, un medio novo que, dende a súa plataforma en formato blogue pretende achegar a cultura e a lingua alemás á comunidade universitaria primeiro, e ao estudantado galego xeral despois. Esta revista bimensal, máis divulgativa que académica, ofrece no seu primeiro número as seccións de: “DU BIST SO EINE MAUS!”, “DER BARON MÜNCHHAUSEN”, “Sissi: die rebellische Kaiserin”, e “Schlösser in Deutschland besichtigen”. Dende a dirección estaremos moi atentxs ao *feedback*, e pregamos a aquelas persoas interesadas en facer parte da redacción *auf Deutsch* desta magazin que entren en contacto connosco de cara á preparación do número 1.



## Actividades Culturais

**Título** XI Edición do Concurso Literario Mazarelos

**Destinatarias** Estudantes de grao, mestrado e doutoramento matriculadas en calquera titulación da USC, persoas investigadoras contratadas na USC con cargo a proxectos de I+D ou programas posdoutorais, en calquera momento do ano 2025 anterior á finalización do prazo de presentación

**Organiza** CNL da Facultade de Filoloxía

**Datas** Entrega de orixinais 25 de marzo – 30 de setembro

**Enderezo electrónico de contacto** filoloxia.decanato@usc.gal

**Ligazón á páxina web ou rede social**

**Descrición da información**
Co obxectivo de fomentala creatividade da mocidade universitaria e dedesenvolve-la súa capacidade de expresión en lingua galega, así como para contribuir a descubrir potenciais figuras deste eido da cultura, a Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Filoloxía convoca anualmente o Concurso literario Mazarelos, nome que lembra e homenaxea as raíces da Facultade, e mesmo da Universidade e da propia Compostela.
Consulta as bases na ligazón indicada arriba e anímate a participar!



**Título da información/actividade** Podcast ROMÁNICAS NON ROMÁNTICAS
**Destinatarias** Todos os públicos
**Axente que informa/organiza** Área de Filoloxía Románica (prof. Elvira Fidalgo e Manuel Negri); Azucena Albero García, Laura Pérez Quintas, Alizé Vidal Boucqué e Lucía Rey Gañete (alumnas do Maior en Filoloxía Románica).
**Data** Todos os domingos
**Lugar** https://linktr.ee/romanicasnonromanticas?fbclid=PAY2xjawJk-TtleHRuA2FlbQIxMQABp6Ylamtr9MyU9ubUxv50GybYfv3x4YnCvA6Gu6olhOCAPwrSG1qNrpUxJyaemTxt5KyoPRLUAIP9VVgXc1w
**Horario** 16:00 h.
**Contacto** podcastromanicas@gmail.com
**Rede social**
https://www.instagram.com/romanicas_non_romanticas?igsh=aWdjNHNpdjUyb3p1
**Descrición** Benvid@s unha semana máis ao noso podcast Románicas non Románticas! Nesta ocasión abordaremos unha cuestión musical, en concreto un instrumento: a zanfona. Sabías que posúe orixe medieval? Ademais, etimoloxicamente procede do latín SYMPHONĬA 'concerto' e este do grego συμφωνία 'acorde, son'. A nosa compañeira Andrea Mosteiro, do Grao de Galego, acompáñanos neste episodio para empaparnos de sabedoría acerca da zanfona! Se queres aprender máis sobre a historia deste fermoso instrumento, escóitanos! Descubre unha nova porta ao mundo: @romnicas.non.romn en TikTok.



# Actividades/Informacións académicas



1336723114

📊 O día 18 de abril de 2025 abrirase o prazo para a realización de enquisas de opinión do estudantado sobre a docencia recibida no 2º semestre do curso 2024/2025, tanto nas materias de titulacións de grao coma nas daqueles másteres que non fagan unha proposta de calendario específica.

📅 O prazo para cubrir as enquisas será dende o día 18 de abril ao 8 de maio de 2025 (ambos inclusive).

📧 O Centro de Datos e Procesos remitirá un correo electrónico a todo o estudantado e profesorado avisando da apertura do período de realización das enquisas, solicitándolle a súa colaboración participando nelas.

# Actividades/Informacións académicas

**Título da información/actividade** Ciberviolencia sexual: ferramentas para a prevención
**Destinatarias** Público xeral con inscrición previa
**Axente que informa/organiza** Grupo FILGA
**Data** 22 de abril
**Lugar** Sala de divulgación do Instituto da Lingua Galega (Praza da Universidade, 4, Santiago de Compostela)
**Horario** 16:30 h
**Enderezo electrónico de contacto** marta.negro@usc.gal
Ligazón á páxina web ou rede social
**Descrición da información/actividade**
Sabela Salgueiro, traballadora social especializada en saúde, sexualidade e xénero, impartirá esta conferencia sobre ciberviolencia sexual; unha forma de violencia que se desenvolve no ámbito dixital e reflicte desigualdades de xénero presentes na sociedade.
Este evento, organizado pola Comisión de Igualdade e Xénero do ILG, ten como obxectivo achegar o público a unha comprensión clara deste fenómeno e proporcionar ferramentas prácticas para previr, identificar e responder a estas situacións, promovendo a construción de espazos dixitais máis seguros e igualitarios.



# Actividades/Informacións académicas

**Título da información/actividade**
Seminario permanente de Teoría literaria e Análise cultural Florencia Garramuño (CONICET): "Reforestar imaginarios: prácticas estéticas amerindias y contemporaneidad"
**Destinatarias** Profesorado, persoal investigador, estudantes de máster e doutoramento.
**Axente que informa/organiza** Grupo de Investigación en Teoría da Literatura e Literatura Comparada
**Data** 23 de abril de 2025
**Lugar** Sala B13
**Horario** 16:30h-18:30h
**Enderezo electrónico de contacto** fernando.cabo@usc.es
**Descrición da actividade** A intervención inscríbese no Seminario Permanente de Teoría da literatura e Análise Cultural titulado Pasaxes, unha iniciativa do GI-TLLC consolidada dende 2021 e orientada ao debate nun ámbito transatlántico de cuestións de teoría e crítica literaria e cultural



# Actividades/Informacións académicas



## INTRODUCIÓN ÁS BASES DE DATOS PARA A INVESTIGACIÓN FILOLÓXICA

Francisco Cardama Santiago (CiTIUS)

Dirixido por Cecilia Criado, ao abeiro do Grupo de Investigación Clasmed

Lugar:
Facultade de Filoloxía, aula D10

Datas:
22, 23, 28 y 30 de abril de 2025

Horario:
16.30-19.00 h.

Matrícula en:
https://forms.gle/uRS6WuFFMfVZs3Zi8

Contacto:
cecilia.criado@usc.es

ClasMedUSC

facultade de filoloxía

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Título da información/actividade**

Seminario Urraca: Presentación do libro "Vidas e historias LGBT da Idade Media" con Carlos Callón

**Axente que informa/organiza**

Proxectos Colaborativos. Seminario Urraca

**Data** 24 de abril

**Lugar** Aula C04

**Horario** 17:00

**Enderezo electrónico de contacto**

seminariourraca@gmail.com



# Actividades/Informacións académicas

**Título da actividade** "Ultima Lectio: De la filología a la filmoliteratura" por Darío Villanueva
**Destinatarias** Comunidade da Facultade de Filoloxía
**Organiza** Mestrado Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura
**Data** 28 de abril de 2025
**Lugar** Sala B10
**Horario** 17:00-19:00hs. (aproximadamente)
**Enderezo electrónico de contacto** cesa.rdominguez@usc.gal
**Descrición** No marco do seu seminario de mestrado "Estudos filmoliterarios", na súa "Ultima Lectio" e co formato de aula aberta o Catedrático Emérito Darío Villanueva pechará a súa análise das relacións históricas entre literatura e cine e as tipoloxías e os fenómenos de transferencia e intermedialidade, así como as estruturas xenéricas no ámbito cinematográfico e as súas vinculacións co literario.



## Título da información/actividade

Simposio "Rosalía de Castro: Vida, biografías, bioficcións"

**Destinatarias** Persoas interesadas

**Axente que informa/organiza** Cátedra Rosalía de Castro

**Data/s** 28, 29 e 30 de abril

**Lugar** Sala de Graos

**Horario** 9:30h-18:30h

**Enderezo electrónico de contacto** catedra.rosaliadecastro@usc.gal

PROGRAMA COMPLETO



**TÍTULO**: Sesión de presentación de programas de máster da Facultade

**DESTINATARIAS**: Estudantado

**ORGANIZA**: Decanato da Facultade de Filoloxía

**DATAS**: 29 de abril de 2025

**LUGAR**: aula C11

**HORARIO:** 16:00



# Actividades/Informacións académicas

**TÍTULO:** *II Xeira CLARIAH-GAL*
**ORGANIZA:** Grupo FILGA
**DATA/S:** 9 de maio de 2025
**LUGAR:** salón de graos da Facultade de Filoloxía
**HORARIO:** 09:00-19:30 h
**ENDEREZO DE CONTACTO:** vitor.miguez@usc.gal
**LIGAZÓN:** https://ilg.usc.gal/gl/actividades/II-xeira-clariah-gal
**DESCRICIÓN:** Este evento pretende ser un espazo para dar a coñecer as infraestruturas europeas de investigación CLARIN e DARIAH, así como para difundir proxectos e grupos de investigación galegos que traballen no ámbito das Humanidades Dixitais e das tecnoloxías lingüísticas aplicadas á investigación en Humanidades e Ciencias Sociais.

**Ata o 31 de marzo** pódense enviar **propostas de póster** de proxectos relacionados coas Artes, Ciencias Sociais e Humanidades Dixitais, que se estean levando a cabo en Galicia ou por grupos de investigación galegos, a ilgsec@usc.gal. O resumo non deberá exceder as 500 palabras (excluíndo referencias bibliográficas) e deberá incluír o título e autoría, así como a motivación, obxectivos, método ou resultados.



# Actividades/Informacións académicas

**TÍTULO**: Congreso Internacional 1950-2010: Seis décadas de literatura e sociedade en Galiza

**ORGANIZACIÓN**: Instituto da Lingua Galega

**CONTACTO**: congreso.literatura.sociedade@usc.gal

**DATAS:** 19-20 de xuño, 2025

**LUGAR:** Facultade de Filoloxía

**PÁXINA WEB:** https://ilg.usc.gal/gl/actividades/congreso-internacional-literatura-sociedade

**DESCRICIÓN:**

Conferencias plenarias confirmadas: Antón Figueroa (profesor xubilado da Universidade de Santiago de Compostela), Tristan Leperlier (Marie Skłodowska-Curie Fellow — CNRS), Isaac Lourido (Universidade da Coruña), Ana Luna (Universidade de Vigo) e Dolores Vilavedra (Universidade de Santiago de Compostela).



Na páxina web da Facultade de Filoloxía están publicados **vídeos de presentación de materias** que se imparten nos distintos graos e mestrados da Facultade.

Na páxina de inicio pódense atopar baixo a epígrafe "Vídeos informativos de materias" ou directamente en:

https://www.youtube.com/playlist?list=PLN7h5nFkg2ZV9T6EOlp3JD37Pdq4_LDJX

Programa A Ponte

# ALUMNAS TITORAS DA FACULTADE DE FILOLOXÍA



SARA MEI



IRIA LIÑARES

SOMOS ESTUDANTES DE GRAO E TITORAS, ENCARGADAS DE AXUDARCHE EN CALQUERA DÚBIDA SOBRE A FACULTADE OU A USC EN XERAL (MATRÍCULA, ESTRUTURA DOS GRAOS, ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DA UNIVERSIDADE, TRÁMITES...). SOMOS A PONTE ENTRE TI E A ADMINISTRACIÓN.

**ANÍMATE E CONTÁCTANOS! SEMPRE DISPOÑIBLES PARA ESCOITARTE**

PODES FALARNOS POLOS CORREDORES OU AO NOSO CORREO:

saramei.ferro@rai.usc.es

iria.linares@rai.usc.es

FACULTADE DE FILOLOXÍA

# A Facultade de Filoloxía está en Instagram e Bluesky!




A biblioteca de Filoloxía está en Instagram e Facebook!
@busc_filoloxia
@buscfiloloxia